
**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O VENRES, DÍA 16 DE XUÑO
DE 2017**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 11:00 horas do venres día 16 de xuño de 2017, coa seguinte orde do día:

1. Calendario académico do curso 2017/2018
2. Simultaneidade da titulación de Máster en Enxeñaría de Camiños, C. e P. co Mestrado Universitario en Administración e Dirección de Empresas da UDC

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Cea Gómez	Luis
Colominas Ezponda	Ignasi
Díaz García	Jacobo Manuel
Eiras López	Javier
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Santiago
Herrador Barrios	Manuel Francisco
Jácome Burgos	Alfredo
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mouronte	Félix
Nogueira Garea	Xesús Antón
Novalos Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Paris López	José
Pena Mosquera	Luis
Samper Calvete	Francisco Javier
Taboada Vázquez	Raquel
Toledano Prados	Mar
Varela García	Francisco Alberto
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

Couceiro Aguiar	Iván
Naves García-rendueles	Juan

Ramírez Palacios	Luis
Rodríguez Pasandín	Ana María
ESTUDANTES	
Benavides Cabezas	Iván
De Iucio Alonso	Mario
Prada Varela	Alexandre Ismael
Sotelo Domínguez	Luis
Souto Amigo	Alba
Traseira Piñeiro	Laura
PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	
Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Cruz Viqueira	María Pilar
Núñez Cartelle	Ana Valvanera
Rivas Quelle	Cathaysa
Valcarcel Cortiñas	María Carmen
Vázquez González	Julia

EXCUSAN:

Anta Álvarez	José
Martínez Lage	Isabel
Vázquez Herrero	Cristina Mercedes
Martínez Díaz	Margarita

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1. Calendario académico do curso 2017/2018

O Director cede a palabra ao xefe de estudos. O profesor Aitor Baldomir explica o calendario e o seu encaixe co calendario da reitoría. Sinala que aumenta un pouco o período de exames na primeira oportunidade. Faltaría por incluír os festivos locais que aínda non se coñecen.

Hai 70 días lectivos no 1º cuatrimestre, e no segundo 67.

Apróbase

2. Simultaneidade da titulación de Máster en Enxeñaría de Camiños, C. e P. co Mestrado Universitario en Administración e Dirección de Empresas da UDC

O director explica a proposta comezando coa súa orixe. Esta iniciativa xorde de conversacións mantidas con colectivos de estudantes da Escola, de grao e mestrado, e con egresados da Escola sobre a conveniencia de dispor dunha oferta complementaria á

formación que se dá na Escola e concretamente no MECCP, de estudos no ámbito da Dirección, Administración e Xestión de Empresas.

O obxectivo non é substituír nada respecto da titulación de MECCP senón dar unha alternativa de formación que facilite que se poidan estudar simultaneamente dúas titulacións da UDC: a de MECCP e a MUDAE.

Como é sabido, o MECCP é unha titulación de 120 ECTS que se imparte en dous cursos académicos e a do MUDAE é de 60 ECTS e é de 1 ano.

O MUDAE ten 48 ECTS de materias, máis 6 ECTS de Prácticas de Empresas (obrigatoria) e 6 ECTS de TFM. O custo do ECTS é duns 21 €/ECTS e a presencialidad é de 7 h/ECTS. O custo do MECCP mantense nos 29 €/ECTS e a presencialidad en 10 h/ECTS como é coñecido e aprobamos nesta Xunta de Escola hai unhas semanas.

Actualmente se un estudante da UDC quere simultanear dous estudos debe matricularse a tempo completo nas dúas titulacións (a matrícula a tempo parcial está restrinxida para casos moi excepcionais aos que poucos estudantes poden acollerse). En consecuencia coa normativa actual téñense que matricular de 60 ECTS en cada unha delas no primeiro curso (en total 120 ECTS), e logo continuar como poida o estudante tendo en conta que as segundas matrículas e sucesivas teñen un custo económico maior por ECTS. Nos últimos anos xa houbo estudantes da Escola que trataron de cursar tamén os estudos de MUDAE da UDC.

O que se propón facer é que a Universidade autorice a que as dúas titulacións poidanse cursar de forma conxunta sen a necesidade de matrícula de curso completo nunha delas, neste caso, o MUDAE. Nunha primeira conversación mantida co Decano da Facultade de Económicas e o Vicerreitorado de Planificación de Titulacións da UDC esta idea parécelles viable e podería someterse á aprobación do Consello de Goberno da UDC.

Máis concretamente, os estudantes cursarían as dúas titulacións segundo establecen os seus propios documentos de Verificación, segundo as Guías Docentes das materias de cada unha das titulacións, e en cada un dos dous centros.

Os estudantes que superen o programa simultáneo loxicamente obterán os dous títulos oficiais.

Os dous centros establecerían unha ordenación temporal das materias en DOUS CURSOS ACADÉMICOS. Por tanto no caso do MECCP non se modifica nada, en tanto que se distribúen as materias do MUDAE para que o estudante as curse nos dous cursos académicos, en lugar de en un. Os dous centros coordinarán os horarios de clase para que sexan compatibles para os estudantes da Escola.

A Escola sería o centro responsable da xestión académica e administrativa deste programa de simultaneidade.

As condicións de acceso son as mesmas que as existentes ao MECCP, é dicir, unicamente poderían matricularse no mesmo os estudantes que cumpran os requisitos de acceso ao MECCP, isto é, os graduados da Escola e outros graduados que cumpran as condicións de acceso e admisión ao MECCP establecidas na memoria de verificación.

Os graduados da Escola de calquera dos dous graos accederían ao MUDAE sen ningún tipo de complemento de formación.

Dado que os estudos de MUDAE teñen límite de prazas prevese reservar un mínimo da terceira parte das prazas totais do devandito mestrado a estudantes do MECCP.

Como é habitual, o Servizo de Organización Académica da UDC establecerá os criterios de matrícula, continuación de estudos, permanencia, progresión, e demais condicionantes de xestión académica que correspondan. Se un estudante que se matriculou no programa de simultaneidade decide abandonalo, poderá continuar no MECCP recoñecéndosele todas as materias que superase.

Finalmente, repartíuse unha posible ordenación temporal das materias, onde se mantéñen como están actualmente os do MECCP e repártense en dous cursos as do MUDAE, segundo a proposta realizada pola facultade de Economía e Empresa para lograr o mellor rendemento académico destes estudos.

Entre as dúas titulacións hai poucos puntos en común pero poderían establecerse algúns recoñecementos do que se encargaría a Comisión Docente da Escola, como é habitual. Así mesmo, e aínda que o TFM non poden recoñecerse, podería establecerse que a parte do orzamento e estudo económico do proxecto de enxeñaría do MECCP, fóra o punto de partida do TFM do MUDAE e que por exemplo podería completarse cun estudo económico financeiro. Deste xeito, non habería que facer dous TFM completamente diferentes senón que o TFM do MUDAE sería complementario dunha parte do TFM do MECCP.

Intervén o profesor Javier Samper consultando cal é a demanda para esta simultaneidade. O Director resposta que hai estudantes que fixeron estes estudos. Descoñecese a demanda que tería este mestrado, pero si que hai interés expreso por parte dos estudantes.

Intervén o profesor Alberto Varela felicitando á Dirección. Sobre a proposta indica que faltaría máis integración e sería positivo que houbera intercambio de profesores entre os dous centros.

Intervén o profesor Manuel Casteleiro, indica que esta proposta é positiva para todos, que vai a mellorar a oferta da Escola, e sinala tamén que satisface unha demanda que existe.

Intervén o profesor Fernando Martínez, felicitando á dirección pola iniciativa e pregunta sobre os recoñecementos e sobre o Verifica do MUDAE esixe complementos.

Intervén a profesora Margarita Novales, consultando o número de prazas, o Director indica que serían como mínimo 10 prazas.

Intervén o profesor Félix Nieto, para saber se o MUDAE se pode simultanear con outros máster. O Director indica que non é posible

Intervén o estudante Iván Benavides, consultando cando se implantaría, e se é posible iniciar o MECCP e despois solicitar incorporarse ao MUDAE máis adiante. O director indica que se podería implantar o antes posible. No caso de estudantes que xa están na titulación, xa non encaixa igual. Pero si que poderían matricularse do mestrado completo.

Consulta se se podería presentar o proxecto en outubro e acceder á simultaneidade.

Intervén o profesor Javier Samper, quen manifesta a súa reticencia a este programa. Indica que a Dirección debería mellorar a calidade do MECCP, que debería adicar os esforzos a iso.

Intervén o profesor Aitor Baldomir, dicindo si que existe demanda, visto que estudantes da Escola xa fixeron este mestrado.

Intervén o estudante Luís Sotelo, indicando que unha maior carga de créditos fai difícil abordar toda a carga docente. Hai un dobre máster en Granada e a maioría da xente remata en máis tempo.

Apróbase a proposta.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 12:00 horas do venres 16 de xuño de 2017.

Vº. Bº.

Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico